

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	de Vilalonga	Sanxenxo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0442	Operacións administrativas de recursos humanos	2024/2025	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARINA GARCÍA PRESAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade e nomeadamente no de servizos, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Auxiliar administrativo/a.

Axudante de oficina.

Auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos.

Administrativo/a comercial.

Auxiliar administrativo/a de xestión de persoal.

Auxiliar administrativo/a das administracións públicas.

Recepcionista.

Empregado/a de atención á clientela.

Empregado/a de tesourería.

Empregado/a de medios de pagamento.

Neste senso esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite a formación do alumnado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O departamento de RRHH.	Xestión e administración do persoal da empresa.	6	2
2	Desenrolo da prestación laboral.	Dereitos e obrigacións dos traballadores na relación laboral.	14	3
3	O proceso de contratación. Modelos de contratos.	Legalización da relación laboral.	27	15
4	O sistema da Seguridade Social.	Altas, baixas, variacións de datos dos traballadores e empresarios no sistema da Seguridade Social.	14	10
5	A retribución laboral.	Retribución do traballo, estrutura salarial.	7	3

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	Confección do recibo de salarios. A nómina.	Confección do impreso que retribue o traballo.	30	25
7	Xestión de situacións especiais.	Casos especiais na relación laboral. Incapacidade temporal.	30	25
8	Operacións administrativas coa Administración.	Cotizacións a Seguridade Social, retencións a conta do IRPF.	19	17

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O departamento de RRHH.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.	SI
RA2 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os aspectos principais da organización das relacións laborais.
CA1.2 Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.
CA1.3 Identifícaronse as técnicas habituais de captación e selección.
CA1.4 Caracterizáronse os labores de apoio na execución de probas e entrevistas nun proceso de selección, utilizado as canles convencionais ou telemáticas.
CA1.5 Identifícaronse os recursos, os tempos e os prazos necesarios para realizar un proceso de selección de persoal.

Criterios de avaliación
CA1.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante, e elaboráronse os informes apropiados.
CA1.7 Mantívose actualizada na base de datos creada para este fin a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal.
CA1.8 Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.
CA1.9 Realizáronse consultas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes sobre diversos datos de xestión do persoal.
CA1.10 Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.
CA2.8 Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Funcións do departamento de recursos humanos.</p> <p>Políticas de xestión de captación do capital humano na empresa.</p> <p>Fontes externas e internas de recrutamento.</p> <p>Métodos de selección de persoal: probas de selección, entrevista, dinámica de grupos e centros de avaliación.</p> <p>Subvencións. Fontes de subvencións.</p> <p>Políticas de xestión de persoal.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Desenrolo da prestación laboral.	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.	SI
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.	NO
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.
CA2.1 Descríbense as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.
CA2.2 Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).
CA2.3 Identificáronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.
CA2.4 Clasificáronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.
CA2.5 Organizáronse listaxes de actividades de formación e reciclaxe en función de programas subvencionados.
CA2.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.
CA2.7 Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.
CA2.8 Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.
CA2.9 Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.
CA2.10 Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.
CA3.6 Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.

Criterios de avaliación

CA5.1 Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.

CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.

CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.

CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.

CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

4.2.e) Contidos**Contidos**

Fontes da normativa laboral.

Adaptación ao novo emprego.

Políticas e procedementos administrativos relacionados coa motivación e coa formación.

Principais técnicas de formación empresarial.

Entidades de formación.

Control das compensacións, os incentivos e os beneficios do persoal.

Xornada de traballo e calendario laboral.

[A representación dos traballadores.](#)

[Convenios colectivos e conflitos laborais](#)

Control horario.

Absentismo.

Prevención de riscos laborais: saúde, dano e risco.

Contidos
Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos.
Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O proceso de contratación. Modelos de contratos.	27

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.
CA3.2 Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
CA3.3 Formalizáronse os contratos laborais.
CA3.4 Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.
CA3.8 Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.

4.3.e) Contidos

Contidos
Definición do contrato de traballo.
OSuspensión e extinción do contrato de traballo.

Contidos
<p>Forma do contrato.</p> <p>Modalidades de contratación.</p> <p>Proceso e procedemento de contratación laboral. Rexistro.</p> <p>Documentación e formalización do contrato de traballo.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O sistema da Seguridade Social.	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
CA3.9 Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.
CA4.2 Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.

4.4.e) Contidos

Contidos
Afiliación e alta na Seguridade Social.
Réximes do sistema da Seguridade Social.
Obrigas da parte empresarial coa Seguridade Social.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A retribución laboral.	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.
CA4.1.1 Precisaronse prazos, forma e garantía do salario.
CA4.1.2 Identificáronse os conceptos retributivos.
CA4.1.3 Diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.
CA4.5.1 Calculouse o recibo de salarios

Criterios de avaliación

CA4.10 Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.

4.5.e) Contidos
Contidos

A estrutura salarial.

Garantías do salario.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Confección do recibo de salarios. A nómina.	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA3.10 Seguironse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.

CA4.3 Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.

CA4.4 Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.

Criterios de avaliación

CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.

CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.

CA4.7.1 Comprendeuse o cálculo do recibo de salarios.

4.6.e) Contidos
Contidos

Confección do recibo de salarios.

Tipos e bases de cotización.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión de situacións especiais.	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA5.2 Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.

CA5.3 Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizado follas de cálculo e formatos de gráficos.

CA5.3.1 Comprenderonse os cálculos de unha incapacidade temporal.

Criterios de avaliación
CA5.4 Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.
CA5.5 Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.
CA5.6 Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.

4.7.e) Contidos

Contidos
Xestión de situacións especiais: incapacidade laboral, excedencias, permisos e viaxes.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Operacións administrativas coa Administración.	19

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.

Criterios de avaliación
CA4.5.2 Cubríronse os documentos de cotización a Seguridade Social.
CA4.5.3 Realízase o cálculo das retencións a conta do IRPF.
CA4.6 Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.
CA4.8 Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.
CA4.9 Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Liquidación.</p> <p>Cotizacións á Seguridade Social.</p> <p>Cálculo das retencións a conta do IRPF.</p>

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos considéranse imprescindibles para lograr o resultado de aprendizaxe pero, con todo, existen contidos no currículo, que a pesar de ser importantes, podemos non exilos por completo ao alumnado sen que isto impida a adquisición da competencia profesional. O alumnado deberá demostrar coñecementos e utilízalos con soltura, e dicir, os mínimos exixibles serán os seguintes:

- Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.
- Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.
- Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.
- Descríronse as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.
- Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.
- Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.

- Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.
- Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.
- Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.
- Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.
- Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
- Formalizáronse os contratos laborais.
- Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.
- Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.
- Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
- Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.
- Precisaróense prazos, forma e garantía do salario.
- Identificáronse os conceptos retributivos.
- Diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.
- Calculouse o recibo de salarios.
- Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.
- Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.
- Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.
- Comprendeuse o cálculo do recibo de salarios.
- Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.
- Comprenderonse os cálculos de unha incapacidade temporal.
- Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.
- Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.
- Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
- Cubríronse os documentos de cotización a Seguridade Social.
- Realízase o cálculo das retencións a conta do IRPF.
- Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.
- Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.
- Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

No Decreto 114/2010 establécese a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia; no capítulo XI establécese que a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do

alumnado, polo que terá carácter continuo, o que implica a asistencia do alumnado ás actividades programadas no modulo.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Asistencia regular ás clases e actividades programadas.
- Traballos orixinais, entregados en tempo e coa calidade exixida na súa proposta.
- A iniciativa e capacidade para obter a información con carácter autónomo.
- Actitude e valores, disposición e destreza positivas e cooperativa cos compañeiros e o equipo docente.

No proceso de avaliación continua, o alumnado recibirá unha cualificación trimestral, realizaranse dúas avaliacións parciais. Esta puntuación será a media ponderada de dúas partes, cada una delas cun peso específico, que se detalla a continuación. Os criterios de cualificación e as porcentaxes para obter a nota do trimestre son os seguintes:

1) 20% da nota, o traballo na clase, a través da realización de actividades de ensinanza-aprendizaxe de cada unidade didáctica. Teráanse en conta os seguintes aspectos:

- Participación activa na clase.
- A iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo
- A resolución e corrección dos exercicios que se propoñan en cada unidade didáctica.
- Orde, pulcritude, rigor e boa presentación dos traballos realizados.
- A participación na corrección dos exercicios elaborados polos alumnos.
- A realización de traballos (individuais ou en equipo). O seu valor numérico variará duns a outros (en función dos contidos e da súa dificultade). En calquera caso, sempre se comunicará o seu valor cando se propoña o traballo, e os criterios de corrección.

2) 80% da nota, proba obxectiva, (Coa finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión dos contidos que van adquirindo os alumnos). Conterá tanto preguntas de teoría (que poderán ser cuestións ou preguntas tipo test e preguntas de desenvolvemento) como casos prácticos consistentes en resolver un ou varios supostos similares aos propostos e resoltos na clase. En cada proba daranse indicacións sobre a puntuación de cada exercicio.

Para sumar as dúas partes o/a alumno/a deberá obter como mínimo un 5 sobre 10 no proba obxectiva. Unha puntuación inferior a 5 en calquera proba supón que o contido deberá ser recuperado. A nota do trimestre será = 20% (traballo da clase) + 80% (proba obxectiva, sempre que nesta nota o alumno/a obteña como mínimo un 5 sobre 10, en caso contrario deberá recuperar a avaliación).

A cualificación final do modulo será numérica, entre 1 e 10, e considerárase positiva cando se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Para acadar unha avaliación positiva do Módulo será necesario ter aprobadas as avaliacións parciais, sendo a nota final a media das dúas avaliacións.

Non serán admitidos aqueles traballos ou actividades que sexan copias ou plaxios de calquera tipo de procedencia (internet, compañeiros,...)

A non realización dunha proba de exame por falta de asistencia poderá dar lugar a facerlle unha proba ao alumnado afectado, sempre que se xustifique documentalmente e ademais que quede espazo de tempo necesario ata avaliación correspondente. Esta proba pode variar na súa estrutura con respecto a feita polos demais no seu momento.

Procedemento ante copia de exame:

A utilización de apuntes, "chuletas", libros de texto, calculadoras, teléfonos móbiles, ou outros medios que non foran autorizados pola profesora no enunciado do exame ou do traballo, será considerado copia.

A copia en exames suporá a cualificación cun 0 (cero) na proba e a expulsión inmediata dela.

Dado que é responsabilidade do alumnado evitar que o seu exame, traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia, a sanción afectará a todos aqueles involucrados: o que copiou, o que permitiu a outros que copiasen, e o que participou en calquera tarefa ou actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos, mediante procedementos deshonestos.

De acordo co Regulamento do Centro, non se permitirá ter acendido nin usar o móbil ou aparato semellante na aula, nin nas probas de exame, salvo orden da profesora en contra.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaranse unha vez feita a 2ª avaliación parcial de módulos, e por tanto, obtida a cualificación final do módulo. No caso de que esta cualificación fose inferior a 5, a profesora indicarlle a cada un os contidos a recuperar tanto no caso de que teñan que ser valorados mediante probas obxectivas como se consistiran na entrega dun novo traballo ou modificación ou mellora do traballo obxecto de recuperación.

Cando o alumno/a non supere a proba de recuperación realizada (descrita no parágrafo anterior), estableceráse un calendario de recuperacións, a fin de realización de actividades de recuperación presenciais e aclaración de dúbidas do alumno/a no período comprendido entre o inicio e fin da FCT dos compañeiros que superaron a formación no centro educativo.

O alumnado deberá demostrar os coñecementos e cumprir cos requisitos do apartado 5 "MÍNIMOS EXIXIBLES E OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN".

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo co regulamento de Réxime Interno do Centro, os alumnos perden o dereito a avaliación continua unha vez que o número de faltas insustificadas supere o DEZ POR CIENTO das horas de clase deste módulo.

A perda do dereito a avaliación continua implica que os alumnos afectados so teñan dereito a unha proba final.

Demostrarán os seus coñecementos, cunha proba obxectiva, baseada nos mínimos esixibles descritos no punto 5 desta programación, e conterá tanto preguntas de teoría (que poderán ser cuestións ou preguntas tipo test e preguntas de desenvolvemento) como casos prácticos consistentes en resolver un ou varios supostos similares aos propostos e resoltos na clase. En cada proba daranse indicacións sobre a puntuación de cada exercicio. O día e a hora de realización desta proba, marcarase no departamento administrativo, publicándose nos tablóns correspondentes para o seu coñecemento xeral.

Para a superación do módulo deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos..

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Rexistro propio das desviacións e modificacións de entidade de xeito mensual na plataforma de edu.xunta.es /programacions en seguimento.

Posta en común na Reunión mensual do Departamento e nas sesións de avaliación.

Memoria Anual

Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico a profesora realizará unha observación permanente dos procedementos de resolución das tarefas aplicados por cada alumno e alumna e dos resultados das mesmas, co obxecto de facerse unha idea das características de cada un deles así como das súas capacidades; e realizará unha observación permanente dos comportamentos e das relacións que se establecen entre os alumnos e alumnas, con obxecto de determinar as características xerais do grupo. todo encamiñado a tomar as medidas de reforzo que se estimen oportunas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para posibilitar a consecución por parte de todo o alumnado dos mínimos reflectidos na programación propóñense as seguintes medidas:

- Atención personalizada na aula priorizando o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran.
- Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo.

- A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.
- Seguimiento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación anterior.
- Deixarase mais tempo para a realización das probas escritas ao alumnado que así o precise.

E se foran necesarias medidas de reforzo específicas para o alumnado que non é capaz de seguir o ritmo normal da clase, deseñaranse tarefas complementarias que serán supervisadas pola profesora.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No aprendizaxe deste módulo, ademais do estudo da materia, os alumnos/as proporcionáraselle unha formación en valores como poden ser:

A IGUALDADE.

O RESPECTO.

A XUSTIZA.

A TOLERANCIA.

A SOLIDARIDADE.

RESPECTUOSOS CO MEDIO AMBIENTE E NATUREZA.

RESPECTUOSOS COS COMPAÑEIROS.

RESPECTUOSOS COS PROFESORES.

RESPECTUOSOS CO CENTRO.

E creando un bo ambiente de grupo para así mellorar o rendimento e os seus valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Busqueda de información relacionada cos contidos desenvolados nas empresas da comarca.

As que se programen no departamento.

10. Outros apartados

10.1) Coordinación deste módulo

Iste módulo coordínase co xa visto en primeiro curso do ciclo: "Formación e orientación laboral", a fin de que os contidos comúns nos dous módulos, non se repitan innecesariamente e conseguir así un maior aproveitamento do tempo. Hai partes en común que so se desenrolan neste módulo de forma práctica, pois xa se desenrolou a teoría o curso anterior.

10.2) Semipresencialidade e telemática

No caso de semipresencialidade, a impartición e seguimento non presencial das clases tanto prácticas como teóricas realizarase a través da aplicación de videoconferencia da Xunta de Galicia en horario habitual de clase. Os recursos empregados serán a propia plataforma e a webcam, así o alumnado que non asista a clase presencial poderá seguir a impartición dos contidos en tempo real, realizara consultas dúbidas. Asimesmo, todo o alumnado deberá realizar e entregar as tarefas e probas propostas a través da aula virtual do centro.

En canto a avaliación das actividades e tarefas, realizarase de xeito individual coa entrega das correccións e cualificacións aos alumnos/as a través da aula virtual.e as probas escritas realizaranse de maneira presencial por quendas. No caso de que non fora posible pola situación sanitaria dalgún alumno/a, realizarase a través da aula virtual e plataforma de videoconferencia da Xunta de Galicia.

No caso de formación telemática: a impartición e seguimento non presencial das clases tanto prácticas como teóricas realizarase a través da aplicación de videoconferencia da Xunta de Galicia. Os recursos empregados serán a propia plataforma e os ordenadores, tablets, móbiles do alumnado, Así, o alumnado poderá seguir a impartición dos contidos en tempo real, e realizar consultas, dúbidas ... Asimesmo, todo o alumnado deberá realizar e entregar as tarefas e probas propostas a través da aula virtual do centro.

En canto a avaliación das actividades e tarefas, realizarase de xeito individual coa entrega das correccións e cualificacións a través da aula virtual.e as probas escritas realizaranse de maneira presencial. No caso de que non fora posible pola situación sanitaria, realizarase a través da aula virtual e plataforma de videoconferencia da Xunta de Galicia.